

Acordo do 10 de setembro do 2026 do tribunal encargado de cualificar o proceso selectivo convocado, mediante o sistema de concurso-oposición, pola Resolución do 3 de abril do 2025 (DOG nº 80 do 28 de decembro do 2025) para o ingreso como persoal laboral fixo da Corporación na categoría de ordenanza nunha praza reservada para ser cuberta por persoas que acrediten discapacidade intelectual, polo que se establece o lugar, data e hora de realización da proba de lingua galega e os seus criterios de corrección

En sesión que tivo lugar o día 10 de setembro do 2026, o tribunal nomeado pola Resolución do 26 de xaneiro do 2026, da Dirección Xeral da CSAG para cualificar o proceso que se cita na cabeceira

ACORDOU

Primeiro.- Lugar, data e hora para a realización da proba de coñecementos de lingua galega

A proba tipo test terá lugar o día **1 de outubro do 2026**, en chamamento único que se iniciará ás **16:30** horas, na **Facultade de Ciencias da Comunicación da USC** (Campus Norte, Avda. de Castela S/N, Santiago de Compostela).

As persoas aspirantes deberán presentarse provistas do seu NIF, NIE, pasaporte, permiso de condución ou calquera outro medio que a criterio do tribunal acredite a súa identidade, bolígrafo negro ou azul non borrable.

As persoas aspirantes que precisen a utilización de audífonos ou outras próteses auditivas deberán acudir provistos dun informe médico que acredite a necesidade do seu uso.

Non se permitirá a entrada ás aulas con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes, ou outros instrumentos destas características, que se poidan utilizar para axudarse na realización da proba. Non se habilitará ningún servizo de recollida deste material, polo que será de conta da persoa aspirante a súa custodia fóra das aulas.

Segundo.- Criterios de corrección e valoración da proba de coñecementos de lingua galega

A proba, que non é eliminatoria, consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de dez (10) preguntas tipo test, máis tres (3) preguntas de reserva, con tres (3) respostas alternativas das que só unha será a correcta.

As preguntas estarán relacionadas cun texto redactado en galego adaptado e o seu contido será acorde coas esixencias do nivel do Celga 2.

O exercicio valorarase de 0 a 10 puntos, asignado 1 punto por cada resposta correcta. As respostas erróneas non penalizarán.

O exercicio terá unha duración de corenta (40) minutos. Todo isto, sen menoscabo da adopción de medidas precisas naqueles casos en que resulte necesario para que as persoas aspirantes con adaptacións específicas gocen de similares condicións para realizar os exercicios que os restantes participantes.

As persoas convocadas son aquelas que non acreditaron estar en posesión do título de Celga 2 ou superior e figuran como Anexo a esta resolución.

As persoas aspirantes poderán obter copias das súas respostas.

No prazo das vinte e catro (24) horas seguintes publicarase o contido da proba e as respostas correctas na páxina web da Corporación, www.csag.gal. Tras esta publicación, as persoas aspirantes disporán dun prazo de tres (3) días hábiles presentar reclamacións.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

O presidente do tribunal

Antonio Valle Arias

ANEXO: PERSOAS CONVOCADAS Á PROBA DE LINGUA GALEGA

PERSOAS ASPIRANTES NON EXENTAS DA PROBA DE GALEGO	
CATEGORÍA: ORDENANZA	
APELIDOS E NOME	DNI
ABALO CASTROMÁN, CRISTINA	***0191**
ABELEDÓ VARELA, ADRIÁN	***9694**
BARREIRO CASTRO, DAVID	***3996**
BERNÁRDEZ PAZO, JORGE	***3306**
FANDIÑO RESUA, AITOR	***8690**
GIGERIN MARTINEZ, JOSE LUIS	***6561**
GUTIERRES MORGADO SANINA, CLAUDIO MIGUEL	***6817**
LÓPEZ GARCÍA, PAULA	***8787**
SARASQUETE FARIÑA, MARTA	***8859**